

ACTA DA 21ª REUNIÓN DO CONSELLO DE AVALIACIÓN DOCUMENTAL DE GALICIA

Data: 9 de xuño de 2025.

Lugar: mixta: presencial e a través de videoconferencia.

Hora: 12:30 horas.

Hora de remate: 13:55 horas.

Asistentes

1. Anxo M. Lorenzo Suárez, director xeral de Cultura. Presidente.
2. M^a del Carmen Calviño Rodríguez, subdirectora xeral de Arquivos e Centros Museísticos. Vogal.
3. M^a del Mar García Miraz, xefa do Servizo do Arquivo de Galicia, vogal que actúa como secretaria suplente.
4. Gabriel Quiroga Barro. Xefe de Sección do Arquivo do Reino de Galicia. Vogal [Telemática].
5. Alfonso Cascudo Rasilla, xefe de sección do Arquivo Territorial de Pontevedra. Vogal [Telemática].
6. M^a Asunción Liñares Castro, Auditora da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio. Vogal [Telemática].
7. José Luis Castro Carpintero, arquiveiro do Arquivo da Deputación de Pontevedra. Vogal [Telemática].
8. Susana Díaz García, arquiveira do Arquivo Municipal de Foz, en representación da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP). Vogal [Telemática].
9. Desirée Domínguez Pallas, Directora do Arquivo Universitario de Santiago de Compostela. En representación do Consello Galego de Universidades. Vogal.
10. M^a Aranzazu Portabales Santomé, Subdirectora Xeral de Fiscalización e Control Interno. Vogal [Telemática].

Asistente invitado

1. Rodrigo Silva Poceiro, xefe de servizo do Arquivo Municipal de Pontevedra.

Xustifican ausencia

1. José María Barreiro Díaz, director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio. Vicepresidente.
2. M^a Josefa Piñón López, xefa do Servizo do Sistema de Arquivos. Secretaria e vogal
3. Consuelo Tacón Sanjuás, sección de Arquivos e Bibliotecas do Consello de Contas de Galicia. Vogal
4. M^a José García Sexto, directora da Área de Administración Dixital da AMTEGA. Vogal.

Orde do día



1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior

2. Informar sobre propostas de avaliación de series documentais

Administración autonómica

Arquivo Territorial de Pontevedra

- Expedientes de axudas directas á agricultura e gandeiría, suxeitas ao sistema integrado de xestión e control con explotacións situadas na Comunidade Autónoma de Galicia financiadas polos fondos europeos no marco da Política Agraria Común (AA1278)
- Documentos de identificación bovina- DIBs (AA1306). Revisión
- Documentos destinados a acompañar o transporte de produtos vitivinícolas (AA1300)

Administración institucional

Comisións de Valoración das Universidades Galegas

- Expedientes de operacións de xestión do gasto e do pagamento non orzamentarias (U020)
- Expedientes de operacións de pago por devolución de ingresos (U021)
- Expedientes de conciliacións de contas de anticipos de caixa (U022)

Administración local

Arquivo Municipal do Concello de Pontevedra

- Expedientes de prema (AL322)
- Expedientes de retribución de horas extraordinarias (AL148)
- Expedientes para a obtención do título de habilitación de natureza urbanística para o inicio de actividades ou apertura de establecementos (agrupación, sen código asociado)

3. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos

3.1. Propostas que contan con Táboas de avaliación aprobadas e publicadas no DOG

Administración autonómica

Arquivo de Galicia

- Expedientes de contratos administrativos (AA5612)

Táboa T0082, DOG 2 de setembro de 2022

Datas extremas: 2013-2018

Volume a eliminar: 101 unidades de instalación

Arquivo Territorial de Pontevedra

- Expedientes sancionadores en materia de transporte por estrada (AA5110)

Táboa T0046, DOG 25 de febreiro de 2021

Datas extremas: 2014-2015

Volume a eliminar: 172 unidades de instalación

- Expedientes de asistencia xurídica gratuíta (AA5063)

Táboa T0047, DOG 25 de febreiro de 2021

Datas extremas: 2013-2014

Volume a eliminar: 362 unidades de instalación

- Expedientes de reclamacións en materia de consumo (AA5129)



Táboa T0061, DOG 21 de xuño de 2021

Datas extremas: 2004-2009

Volume a eliminar: 104 unidades de instalación

- Expedientes de conciliación previa á xurisdición laboral (AA2739)
Táboa T0086, DOG 26 de xaneiro de 2023
Datas extremas: 2014-2014
Volume a eliminar: 29 unidades de instalación
- Expedientes de avaliación das bolsas e axudas do Ministerio de Educación ao estudo nos niveis non universitarios (AA6313)
Táboa T0119, DOG 23 de abril de 2024
Datas extremas: 2019-2020
Volume a eliminar: 118 unidades de instalación

Administración institucional

Universidade de Santiago de Compostela

- Expedientes de xestión do gasto e do pagamento (U001)
Táboa T0030, DOG 8 de xaneiro de 2020
Datas extremas: 1989-2022
Volume a eliminar: 337 unidades de instalación
- Expedientes de xestión do gasto e do pagamento-Química (U001)
Táboa T0030, DOG 8 de xaneiro de 2020
Datas extremas: 1990-2020
Volume a eliminar: 554 unidades de instalación
- Expedientes de xestión do gasto e do pagamento-Dereito (U001)
Táboa T0030, DOG 8 de xaneiro de 2020
Datas extremas: 1998-2018
Volume a eliminar: 352 unidades de instalación
- Expedientes de xestión do gasto e do pagamento-Farmacia (U001)
Táboa T0030, DOG 8 de xaneiro de 2020
Datas extremas: 1991-2016
Volume a eliminar: 712 unidades de instalación
- Expedientes de bolsas de carácter xeral do Ministerio (U003)
Táboa T0032, DOG do 8 de xaneiro de 2020
Datas extremas: 1993-2011
Volume a eliminar: 7 unidades de instalación
- Expedientes de probas de acceso para o persoal de administración e servizos funcionario (U008)
Táboa T0057, DOG do 21 de xuño de 2021
Datas extremas: 2004-2007
Volume a eliminar: 31 unidades de instalación
- Expedientes de probas de acceso para o persoal de administración e servizos laboral fixo (U009)





Táboa T0057, DOG do 21 de xuño de 2021

Datas extremas: 1996-2008

Volume a eliminar: 64 unidades de instalación

- Expedientes de prazas de aloxamento en residencias universitarias públicas (U010)

Táboa T0059, DOG do 21 de xuño de 2021

Datas extremas: 1991-2019

Volume a eliminar: 82 unidades de instalación

- Expedientes de retribucións do persoal (U014)

Táboa T0109, DOG do 22 de agosto de 2023

Datas extremas: 2016-2019

Volume a eliminar: 28 unidades de instalación

- Expedientes de subvención de prezos públicos no terceiro ciclo (U015)

Táboa T0110, DOG do 22 de agosto de 2023

Datas extremas: 1992-2003

Volume a eliminar: 9 unidades de instalación

- Expedientes de axudas e subvencións para o pagamento dos prezos públicos (U016)

Táboa T0111, DOG do 22 de agosto de 2023

Datas extremas: 2016-2019

Volume a eliminar: 6 unidades de instalación

Administración local

Concello de Narón

- Expedientes do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (AL548)

Táboa T007, DOG do 1 de febreiro de 2018

Datas extremas: 1965-1975

Volume a eliminar: 50 unidades de instalación

Concello de Viveiro

- Expedientes de multas en materia de tráfico (AL941)

Táboa T007, DOG do 22 de agosto de 2023

Datas extremas: 1989-2017

Volume a eliminar: 68 unidades de instalación

Deputación de Pontevedra

- Expedientes do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (AL548)

Táboa T007, DOG do 1 de febreiro de 2018

Datas extremas: 1992-2015

Volume a eliminar: 581 unidades de instalación

- Expedientes de taxas e prezos públicos (AL595 e AL552)

Táboas T0025 e T0026, DOG do 8 de xaneiro de 2020



Datas extremas: 1993-2014

Volume a eliminar: 85-90% de 398 unidades de instalación

- Expedientes do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (AL548)

Táboas T0023 e T0024, DOG do 8 de xaneiro de 2020

Datas extremas: 1993-2010

Volume a eliminar: 105 unidades de instalación

3.2. Propostas condicionadas á aprobación das Táboas de Avaliación e a súa publicación no DOG

Administración autonómica

Arquivo Territorial de Pontevedra

- AA1278- Expedientes de axudas directas á agricultura e gandeiría, suxeitas ao sistema integrado de xestión e control con explotacións situadas na Comunidade Autónoma de Galicia financiadas polos fondos europeos no marco da Política Agraria Común
 - Datas extremas: 2001-2013
 - Volume a eliminar: 2412 unidades de instalación
- AA1300- Documentos destinados a acompañar o transporte de produtos vitivinícolas
 - Datas extremas: 2011-2018
 - Volume a eliminar: 19 unidades de instalación

Administración institucional

Universidade de Santiago de Compostela

- U020 - Expedientes de operacións de xestión do gasto e do pagamento non orzamentarias
 - Datas extremas: 1996-2009
 - Volume a eliminar: 48 unidades de instalación
- U021 - Expedientes de operacións de pago por devolución de ingresos
 - Datas extremas: 1996-2018
 - Volume a eliminar: 135 unidades de instalación
- U022 - Expedientes de conciliación de contas de anticipos de caixa
 - Datas extremas: 1998-2022
 - Volume a eliminar: 61 unidades de instalación

Administración local

Concello de Pontevedra

- AL322 - Expedientes de prema
 - Datas extremas: 1997-2008
 - Volume a eliminar: 42.692 expedientes

4. Rolda de intervencións

DELIBERACIÓNS

Abre a sesión o director xeral de Cultura que saúda aos asistentes e presenta para a súa deliberación os puntos establecidos na orde do día:



1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior

Non hai observacións dos membros.

Queda aprobada a acta da sesión anterior.

2. Informar sobre propostas de avaliación de series documentais

O presidente pasa a palabra en primeiro lugar a Rodrigo Silva Poceiro do Arquivo Municipal de Pontevedra, que expón as tres propostas de avaliación de Administración local: *Expedientes de prema*, *Expedientes de retribución de horas extraordinarias* e *Expedientes para a obtención do título de habilitación de natureza urbanística para o inicio de actividades ou apertura de establecementos*, advertindo que nesta última hai un erro material no apartado de réxime de acceso, que é de acceso libre pero na parte inferior da táboa incluíuse que contiña datos de carácter persoal, e debe eliminarse ao non pertencer a esta proposta.

Rematada a intervención Alfonso Cascudo presenta unha dúbida no tocante á ordenación numérico-cronolóxica de dúas das series, nas que pensa que poden ser de ordenación cronolóxico-numérica. Rodrigo Silva apunta que está no certo, son de ordenación cronolóxico-numérica.

Gabriel Barro sinala que nos expedientes de prema, o valor legal/xurídico está definido por unha marxe temporal, e debería valorarse en relación ao valor como proba de dereitos.

M^a Carmen Calviño advirte que na proposta de *Expedientes de retribución de horas extraordinarias* falta a data final nas datas extremas do período estudado. Rodrigo Silva puntualiza que é o ano 2024.

A continuación Anxo Lorenzo cede a palabra a Alfonso Cascudo, que expón en primeiro lugar a proposta de *Expedientes de axudas directas á agricultura e gandeiría, suxeitas ao sistema integrado de xestión e control con explotacións situadas na Comunidade Autónoma de Galicia financiadas polos fondos europeos no marco da Política Agraria Común*. Esta proposta xa fora presentada na última sesión do Consello de Avaliación Documental do 20 de marzo de 2025 e procedía matizar varias cuestións e dúbidas, entre elas o valor administrativo, que non estaba exactamente definido na presentación anterior e que son 3 anos despois da data de comunicación do peche do programa operativo, e o valor informativo/histórico que é substancial pero terase en conta que non todos os documentos teñen ese valor, xa que a meirande parte das solicitudes están incompletas e conservarlas non sería interesante en relación á conservación dos datos contidos das aplicacións informáticas, que inclúen datos agregados moi relevantes. En relación á selección da serie documental, indícase a eliminación parcial 3 anos despois da comunicación do peche do programa operativo, coa posibilidade de eliminación de todos os documentos agás as resolucións e os documentos de pagamento e a conservación dos datos informáticos referentes ás explotacións agrarias solicitantes, aos controis posteriores, ás parcelas que se empregan para o cálculo dos pagos, así como os propios datos dos pagos. O Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA), organismo pagador das axudas procedentes dos fondos europeos agrarios en Galicia, ten obriga de mantemento e conservación da documentación



desta serie, e achega un compromiso asinado da conservación permanente de ditos datos.

O presidente declara que quedan emendadas as deficiencias da proposta que xurdiron na última xuntanza, e acórdase aprobar esta avaliación.

Continúa Alfonso Cascudo coa exposición da proposta *Documentos de identificación bovina- DIBs*, que é unha revisión dun estudo de serie que xa contaba con táboa de avaliación ditaminada no Consello na sesión do 21 de xaneiro de 2020 e publicada no DOG nº 45 de 6 de marzo de 2020. A actualización afectou ás datas extremas, que se amplían ao período que abrangue dende o ano 1998 ao ano 2025 e a normativa, pola aprobación do Real Decreto 787/2023, do 17 de outubro, aínda que non afecta directamente ao contido da serie.

Presenta a continuación a proposta *Documentos destinados a acompañar o transporte de produtos vitivinícolas*, que contén os Documentos de Identificación Bovinos, que acompañan ao animal en todos os seus movementos e é un dos elementos integrantes do sistema de trazabilidade europeo establecido a partir de 1998.

Intervén Gabriel Quiroga para expresar que non lle parece axeitado o nome da serie. Neste caso non existe título formal atribuído pola Administración, polo que propón “Guía de acompañamento de produto vitivinícola” porque o título actual parécelle xenérico.

Mar García apunta que este tema xa se abordou no grupo de traballo e que se decidira deixalo como estaba porque a denominación “guía” podería confundir en canto ao obxecto do documento.

Alfonso Cascudo está de acordo en que este título é vago pero afirma que é fiel ao Decreto polo que sería axeitado mantelo.

Sen máis comentarios acórdase aprobar a proposta.

Pasa agora a quenda a Desirée Domínguez Pallas, directora do Arquivo Histórico Universitario de Santiago, que expón as tres propostas de estudos das universidades, revisadas polos servizos competentes e polas Comisións de Valoración da USC e da UDC: *Expedientes de operacións de xestión do gasto e do pagamento non orzamentarias*, *Expedientes de operacións de pago por devolución de ingresos* e *Expedientes de conciliacións de contas de anticipos de caixa*.

No relativo á serie *Expedientes de operacións de xestión do gasto e do pagamento non orzamentarias* Alfonso Cascudo dubida da argumentación do valor administrativo, xa que que son gastos asociados a fondos europeos e o valor administrativo está supeditado á notificación do peche do programa operativo. Desirée Domínguez matiza que o prazo de 15 anos contempla o período de fiscalización e é garantista, xa que xeralmente estipúlase 12 anos.

M^a Aranzazu Portabales coida que o prazo de 15 anos é bastante prudente e que non haberá problemas aínda que procedan de fondos europeos.



Gabriel Quiroga concorda coa opinión de Alfonso, xa que non se busca cuestionar o prazo, senón como se expresa a súa valoración, porque xa foi definido no grupo de traballo e acordouse que sempre se porán 3 anos dende o peche do programa operativo. Propón tamén que nos 2 primeiros estudos se aclare o que son operacións non orzamentarias no apartado de notas. E en canto ao valor legal/xurídico insiste en que debe xustificarse en termos de valor probatorio de dereitos, non en términos de prazo temporal, coma no caso do valor administrativo.

M^a Carmen Calviño propón como solución que, xa que no grupo de traballo de Administración Autonómica se decidiron prazos máis curtos contados dende o peche do programa operativo, e o prazo de 15 anos é máis longo, se manteña dito prazo poñendo como condición que teñan transcorrido 3 anos dende a notificación do peche do programa.

Desirée coincide en incluír a nota aclaratoria nas dúas primeiras propostas o que son operacións non orzamentarias.

Fanse constar estas observacións e danse por aprobados os estudos.

3. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos

O director xeral de Cultura da conta da relación de propostas de eliminación que xa figuran na orde do día. As eliminacións que contan con táboas de avaliación aprobadas e publicadas no DOG proceden de tres administracións.

Respecto ao punto 2 referente ás proposta de eliminación condicionadas á aprobación, que corresponden a estudos sometidos a ditame na reunión de hoxe, lembra que as eliminacións están condicionadas a aprobación dos estudos e a publicación das Táboas no DOG.

O presidente pasa a palabra a M^a Carmen Calviño que aclara que nas propostas de eliminación enviadas hai unha serie de erros que xa foron modificados para axustarse ás datas extremas dos estudos aprobados:

Arquivo Territorial de Pontevedra

- Expedientes de avaliación das bolsas e axudas do Ministerio de Educación ao estudo nos niveis non universitarios (AA6313)

Datas extremas: 2019-**2019**

Volume a eliminar: **188** unidades de instalación

Universidade de Santiago de Compostela

- Expedientes de xestión do gasto e do pagamento (U001)

Datas extremas: **1990-2018**

Volume a eliminar: **326** unidades de instalación

- Expedientes de xestión do gasto e do pagamento-Química (U001)

Datas extremas: 1990-**2018**

Volume a eliminar: **533** unidades de instalación

- Expedientes de probas de acceso para o persoal de administración e servizos laboral fixo (U009)

Táboa **T0058**, DOG do 21 de xuño de 2021

- Expedientes de subvención de prezos públicos no terceiro ciclo (U015)



Táboa T0110, DOG do 22 de agosto de 2023

Datas extremas: **1994-2003**

Volume a eliminar: **4** unidades de instalación

Concello de Viveiro

- Expedientes de multas en materia de tráfico (AL941)

Táboa **T104**, DOG do 22 de agosto de 2023

Deputación de Pontevedra

- Expedientes de tasas e prezos públicos (AL595 e AL552)

Datas extremas: 1993-**2010**

Volume a eliminar: **343** unidades de instalación

- Expedientes do imposto sobre **Vehículos de Tracción Mecánica (AL594 e AL545)**

Táboas T0023 e T0024, DOG do 8 de xaneiro de 2020

Concello de Pontevedra

- AL322 - Expedientes de prema

Volume a eliminar: **42.680** expedientes

4. Rolda de intervencións

Non hai intervencións.

ACORDOS

1. Aprobar a acta da sesión anterior.
2. Aprobar as propostas de avaliación de series documentais presentadas polo Arquivo Territorial de Pontevedra, as Comisións de Valoración das Universidades Galegas e o Arquivo Municipal do Concello de Pontevedra.
3. Aprobar as propostas de eliminación de documentos presentadas que contan con Táboas de avaliación aprobadas e publicadas no DOG.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a xuntanza ás 13:55 horas.

Santiago de Compostela,

Vº e praxe

A secretaria suplente

O presidente

Mª del Mar García Miraz

Anxo M. Lorenzo Suárez

